



**4<sup>as</sup> XORNADAS  
DE PORTAS ABERTAS  
NAS RUTAS DOS VIÑOS  
DE GALICIA**

Sábado 30 e  
Domingo 31 de Maio

**MONTERREI, RIBEIRA SACRA  
E VALDEORRAS**

Sábado 6 e  
Domingo 7 de Xuño

**RÍAS BAIXAS E RIBEIRO**

RUTAS DO VIÑO

# de Galicia



- ① Monterrei
- ④ Ribeira Sacra
- ② Ribeiro
- ⑤ Valdeorras
- ③ Rías Baixas



AUTOESTRADAS

AUTOVÍAS

ESTRADAS NACIONAIS

LÍNEAS DE FERROCARRIL

CAMINO DE SANTIAGO

INTONACIONES DA HUMANIDADE



# DE VIÑOS E TURISMO

Achegántote a calquera das cinco Rutas dos Viños de Galicia con Denominación de Orixe poderás facer unha orixinal viaxe en torno á vide e ao viño. Tanto en parella como en compañía da túa familia ou dos teus amigos, propoñémosche un paseo entre viñedos.

A celebración das 4<sup>as</sup> Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia -que terán lugar as fins de semana do 30 e 31 de maio en Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras e o 6 e 7 de xuño nas Rías Baixas e no Ribeiro- bríndanche a escusa perfecta para non demorar máis esta experiencia. Podes optar entre as sobranceiras paisaxes de Monterrei presididas pola súa imponente fortaleza medieval, as do Ribeiro e súa antiga historia vitivinícola, as das Rías Baixas e os seus pazos e xardíns históricos, as da Ribeira Sacra, cheas de maxia de corte monacal ou as de Valdeorras, territorio de senlleiras covas... Paisaxes que mudan as súas cores e texturas con cada estación do ano.

Aproveita esta ocasión para coñecer non só as grandes adegas galegas, de modernas construcións, senón tamén aquelas más pequenas, accoledoras e familiares, onde os colleiteiros che amosarán con agarimo o seu coidadoso traballo.

## EN QUE CONSISTEN AS 4<sup>AS</sup> XORNADAS DE PORTAS ABERTAS?

Se te unes ás 4<sup>as</sup> Xornadas poderás facer visitas guiadas e gratuítas ás adegas participantes na promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña\*. Ao finalizar a visita ofreceránche como agasallo unha degustación dos mellores viños de Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra ou Valdeorras. Tamén atoparás unha serie de restaurantes onde poderás escoller entre dous menús concebidos especialmente para esta ocasión. Os menús compoñeránse de primeiro e segundo pratos -maridados ambos con viños da Denominación de Orixe na que te atopes- e sobremesa. Os restaurantes adheridos tamén ofrecerán menús infantís para os nenos menores de 12 anos que acompañen aos adultos.

En cada Ruta poderás atopar ademáis un programa especial de actividades para a fin de semana: haberá catas comentadas, visitas a museos do Viño, rutas monumentais, paseos en barca, trens turísticos, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

\*Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo co seguinte horario de atención ao público:  
Sábado: 11.30h ,13.00h e 18.00h / Domingo: 12.00h  
Recoméndase confirmar a visita vía telefónica coa adega correspondente.

MAIO

Sábado 30

Domingo 31

**4<sup>as</sup> XORNADAS  
DE PORTAS ABERTAS  
NAS RUTAS DOS VIÑOS  
DE MONTERREI,  
RIBEIRA SACRA  
E VALDEORRAS**





A Ruta do Viño de Monterrei atópase situada ao suleste da provincia de Ourense, lindando coa fronteira de Portugal. Os seus viñedos aparecen estruturados en dúas subzonas perfectamente delimitadas pola súa orografía: o val de Monterrei e a ladeira de Monterrei. Nesta comarca atoparemos adegas que coroan espectaculares miradoiros na montaña e outras aos pés do val. Terra limítrofe co noso veciño Portugal, na que a historia de fronteira nos deixa como legado a fortaleza medieval de Monterrei. Espectacular paisaxe, coroada polas serras de Pena Trevinca, O Invernaireiro e San Mamede; fértiles terras preñadas de auga, nas que os ríos que nacen na montaña van deixando atrás pequenas fervenzas buscando o val, e numerosos mananciais mineromedicinais que as regan de vida e de saúde constituíndo hoxe uns recursos incomparables. Primeiros retrincos da conca do Douro, onde o seu afluente, o Támega, surca o territorio para penetrar xa en terras lusitanas; cara aquí vemos como se estenden os viñedos de Monterrei dende as ladeiras da montaña. Unha Denominación de Orixe nova nun territorio milenario.

Os seus viños son fundamentalmente brancos, frescos, moi agradables e afroitados, cun excelente equilibrio entre alcohol e acidez, ben estruturados e golosos. Entre os tintos destacan esencialmente os xóvenes de gran viveza aromática, frotais, con corpo e moi expresivos aos que, pouco a pouco, se suman elaboracións más exclusivas con gran complexidade e lonxevidade.

## E ADEMAIS DOS VIÑOS, PODES ACHEGARTE A:

O Castelo dos Condes de Monterrei, monumento nacional

A Ruta da Prata pola vila de Verín


A igrexa de San Salvador de Vilaza e o seu campanario rectangular do s.XII.

A igrexa prerrománica de Mixós

O templo parroquial de Retorta, un raro exemplo de arte gótica rural

O Parque Natural do Invernaireiro

Os castros de San Millao e de Saceda





## PROGRAMA ESPECIAL NA RUTA DO VIÑO DE MONTERREI

**Viñobús Monterrei.** Servizo gratuito. Requírese reserva de praza. Faránse dúas rutas o sábado. Máis información e reservas en CONMAR CULTURA S.L. Tf: 679 922 588

### RUTA 1

Sábado 30 de maio  
SAÍDA ÁS 10h00 dende Ourense\*

\*O autobús realiza paradas en Allariz, Xinzo de Limia e Verín, tanto de ida como de volta

REGRESO A OURENSE ÁS 22h30

### ACTIVIDADES

- Visitas a tres adegas da Ruta con degustación dos seus viños
- Visita a dous lagares rupestres da zona
- Xantar libre
- Visita guiada ao Castelo de Monterrei
- Visitas ás igrexas de Mixós e Retorta
- Ruta de viños pola zona histórica de Verín (3 degustacións de viño + tapa)
- Concierto no convento dos Padres Mercedarios de Verín
- Túnel do viño

### RUTA 2

Sábado 30 de maio  
SAÍDA ÁS 09h30 dende Vidago\*  
(hora portuguesa)

\*O autobús realiza parada en Chaves e Verín,  
tanto de ida como de volta

REGRESO A VIDAGO ÁS 21h30  
(hora portuguesa)

### ACTIVIDADES

- Visita guiada ao Castelo de Monterrei
- Visitas ás igrexas de Mixós e Retorta
- Ruta de viños pola zona histórica de Verín (3 degustacións de viño + tapa)
- Xantar libre
- Visitas a tres adegas da Ruta con degustación dos seus viños
- Visita a dous lagares rupestres da zona
- Concierto no convento dos Padres Mercedarios de Verín
- Túnel do viño



**O Clube Hípico Monterrei** organiza saídas en coche de cabalos e a cabalo (neste último caso é preciso acreditar experiencia previa) facendo unha ruta por adegas e viñedos de Monterrei. Os horarios son: o sábado ás 10h30 e ás 17h30 e o domingo ás 11h00.

Prezo: 20€/persoa.

Máis información e reservas:  
Club hípico Monterrey  
Lugar de As Poucas, Queizás  
32600 Verín (Ourense)  
Tf: 619 472 646  
[info@hipicamonterrey.com](mailto:info@hipicamonterrey.com)

**A empresa Bilurico Medio ambiente-Bilurico Bike** oferta unha ruta en bicicleta, de dificultade baixa, polo Val do Támega, con visitas ao Castelo de Monterrei e a alguma adega, e con explicacións sobre os valores ambientais da zona . As saídas serán, o sábado e o domingo, ás 10h30 e ás 16h30 -cunha duración aproximada de tres horas e media cada unha-. A actividade inclúe bicicleta, casco, guía e entrada á adega.

Prezo: 15€/persoa (12€/persoa para grupos de más de 6 persoas).

Máis información e reservas:  
Bilurico Medio ambiente-Bilurico Bike  
R/ Ribeiriño, 5 – Sótano (xunto á Ponte Romana)  
32001 Ourense  
Tfs: 616 667 446 / 988 044 137  
[www.bilurico.com](http://www.bilurico.com)  
[in@bilurico.com](mailto:in@bilurico.com)

O sábado ás 19h00 D. Luis Paadín ofrecerá unha master class sobre “Lagares rupestres. Pegadas da historia vitivinícola en Galicia”, no salón de actos da Casa da Cultura de Verín (R/ Irmáns da Salle s/n). A entrada será gratuita ata completar aforo.

Máis información:  
Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei  
Avda. Luís Espada, 73-baixo  
32600 Verín (Ourense)  
Tf: 988 590 007  
[www.domonterrei.com](http://www.domonterrei.com)  
[info@domonterrei.com](mailto:info@domonterrei.com)

## Xeitura Xestión do Patrimonio Cultural

**S. Coop. Gal.** Ofrece visitas guiadas aos castros de Cualedro. Pódense facer tanto o sábado como o domingo baixo reserva (existe a posibilidade de facelas xunto cunha ruta cicloturística).

Prezo: 50€/grupo\*

Tamén organiza dúas rutas de sendeirismo durante esta fin de semana. Unha delas é “Viño de pedra na raia: ruta de sendeirismo polos lagares rupestres de Oimbra”. Trátase dunha ruta de baixa intensidade pola “raia seca” que inclúe paradas interpretativas a cargo de arqueólogos especializados nos principais lagares da zona. Recorrerase unha distancia de 13,7 km en aproximadamente 4 horas. Esta ruta sairá ás 10h00, tanto o sábado como o domingo.

Prezo: 75€/grupo\*.

A outra ruta é “Historia e pedra: ruta de sendeirismo pola contorna de Verín”. Esta ruta, cunha panorámica espectacular sobre o Val o Támega, é de moderada intensidade e inclúe paradas interpretativas a cargo de arqueólogos especializados no castelo de Monterrei e no petroglifo de Covas Rubias. A distancia a percorrer é de 22,5 km e a súa duración é próxima ás 7 horas. Esta ruta sairá ás 10h00, tanto o sábado como o domingo.

Prezo: 100€/grupo\*.

Máis información e reservas:  
Xeitura Xestión do Patrimonio Cultural S. Coop. Gal.  
Rúa do Hospital, 10-baixo  
36660 Allariz (Ourense)  
Tf: 651 017 416  
[www.xeitura.com](http://www.xeitura.com)  
[contacto@xeitura.com](mailto:contacto@xeitura.com)

\*O prezo do guía non varía segundo o tamaño do grupo. Para grupos de 6 persoas ou menos, existe a posibilidade de transporte en furgoneta dende os puntos de orixe (hostais, casas de Turismo Rural, etc) un plus de transporte de 0,19 x nº km realizados.



O sábado 30, entre 10h-14h00 e 17h00-20h30, na Sala de Exposicións de Verín poderase visitar a exposición fotográfica “A auga e a pedra”, 21 fotografías realizadas por 11 artistas pertencentes á Agrupación fotográfica Fotosíntese. Actividade gratuita.

Sala de Exposicións de Verín  
R/ Irmáns La Salle s/n  
32600 Verín (Ourense)  
[www.verin.es](http://www.verin.es)  
[turismo@verin.net](mailto:turismo@verin.net)

**“Son e Viño”.** No claustro do Convento dos Padres Mercedarios de Verín (Praza da Mercé), o sábado 30 de 21h00 a 23h00 celebrarase o Túnel do Viño, con degustación das principais referencias dos viños da D.O. Monterrei e un aperitivo. A actividade estará amenizada por un concerto. Gratuito. Necesaria reserva de prazas.

Máis información e reservas:  
Consello Regulador da Denominación de Orixe Monterrei  
Avda. Luis Espada, 73-baixo  
32600 Verín (Ourense)  
Tf: 988 590 007  
[www.domonterrei.com](http://www.domonterrei.com)  
[info@domonterrei.com](mailto:info@domonterrei.com)

**A Asociación Senderismo Rutas das Augas** organiza o domingo 31 unha Ruta polos Milenarios Lagares Rupestres de Monterrei. A ruta, guiada, comenzará ás 09h30 no concello de Verín e seguirá cara ao concello de Oímbra visitando varios lagares da zona. Ás 15h00 xantarase nunha adega, rematando a actividade ás 17h00 na praza do concello de Verín.

O prezo é de 12€/persoa (xantar incluído).

Máis información e reservas:  
Asociación Senderismo Rutas das Augas  
R/ Hermanos Moreno, 13  
32600 Verín (Ourense)  
Tf: 600 410 018  
[buzon@multisport.es](mailto:buzon@multisport.es)

**ServinoConsulting S.L.** organiza o domingo 31 unha Ruta polos Milenarios Lagares Rupestres de Monterrei. Habilitará un autobús que fará o seguinte percorrido:

.-08h15: saída dende a parada de autobuses fronte á igrexa de San Pedro de Mezonzo da Coruña (Praza de José Toube Pego)

.-09h00: parada no Hotel Porta do Camiño (San Lázaro) en Santiago de Compostela

.-10h30: parada na glorieta Estatua do Nexus (R/ Francisco Lloréns) de Ourense

.-11h30: parada na Praza do Concello de Verín

Ás 12h00 comenzará a ruta a pé polo concello de Oímbra visitando catro lagares da zona. Ás 14h30 colllerase o autocar para ir xantar a unha adega pertencente á Denominación de Orixe e ás 17h30 comenzará a segunda ruta por dous lagares do concello de Monterrei. Ás 18h30 faráse unha visita a outra adega da D.O., onde se degustará unha merenda. Ás 20h00 regresarase aos lugares de orixe. Durante toda a ruta o grupo estará acompañado por tres expertos, D. Alejandro e D. Luis Paadín, autores do libro “Lagares rupestres en Galicia” e por D. Eduardo Castro, investigador local.

Os prezos serán de 60€ para as saídas dende A Coruña e Santiago, 40€ para a saída dende Ourense e 30€ para as saídas dende Verín (en todos se inclúen xantar e merenda).

Máis información e reservas:  
ServinoConsulting S.L.  
Rúa Europa, 3  
15007 A Coruña  
Tf: 606 738 242  
[www.servino.net](http://www.servino.net)  
[info@servino.net](mailto:info@servino.net)

## CONCURSO EN FACEBOOK

Realizarase o sorteо de cinco billetes para o tren turístico da Ruta do Viño de Monterrei. Participa e gaña entradas para o Tren do Viño subindo unha foto da túa asistencia ás “IV Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia” ao Facebook da Ruta do Viño de Monterrei.

Máis información na Asociación do viño de Monterrei  
988 590 007  
info@domonterrei.com

## OFERTAS ESPECIAIS

Os seguintes establecementos fan ofertas especiais con motivo das IV Xornadas:

### Retiro do Conde

(Vilaza-Monterrei, Tf: 988 418 123 ):  
Ofrece un 10% de desconto no aloxamento.

### Parador de Verín

(Monterrei, Tf: 988 410 075 ):  
Fai unha oferta especial para unha noite en habitación doble en réxime de aloxamento e almorzo a 85€ ou dúas noites nunha habitación doble en réxime de aloxamento e almorzo a 150€.

A reserva xestionarase directamente no Parador no teléfono 988 410 075 ou por correo electrónico - verin@parador.es - indicando que se deseja acoller á oferta “IV XORNADAS DE PORTAS ABERTAS”.





12\_

A Ruta do Viño da Ribeira Sacra esténdese entre as provincias de Ourense e Lugo, marcando o seu límite natural o propio leito do río Sil, que nuns poucos quilómetros irá acompañado tamén polo seu eterno compañoiro, o Miño. Todos os concellos da ruta están distribuídos entre cinco subzonas de producción: Amandi, Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil; un extenso territorio no que o tempo se para para facerche gozar dunha terra que comparte a súa beleza paisaxística coa maxia dun rico patrimonio monumental de corte monacal. Terra marcada pola confluencia dos ríos Miño e Sil, cuxos sucos van marcando encaixados canóns de maxestosa beleza, que chegan a alcanzar no seu punto máximo ata os 500 metros de profundidade. Aquí, o noso itinerario vainos introducindo nunha experiencia chea de aventura. Ladeiras escarpadas ao carón da nosa estrada, canóns vertiginosos ao outro, e na súa paisaxe viñedos e soutos de castiñeiros se intercalan nun eterno entendemento, sendo de aquí en diante os nosos fieis compañeiros de viaxe. Pero, se espectacular é o noso traxecto por estrada, áinda pode selo máis por auga. Alguén cualificou estes canóns como os mares interiores de Galicia e tanto o Sil como o

Miño posúen cursos fluviais navegables en catamarán. Dende a auga podemos divisar a paisaxe de bancais, nos que as vides loitan por gañar terra á montaña. Mostras dunha paisaxe humanizada na que o esforzo humano e a paixón pola terra marcan a súa pegada. O traballo da viña na Ribeira Sacra é identificado e coñecido como “viticultura heroica” polo esforzo e tempo que supón poñer en producción vitivinícola o terreo.

Este esforzo “heroico” tradúcese no seus viños. Os brancos son afroitados e cun fino toque de acidez, cun lixeiro retrogusto e delicada presenza no padal. Os tintos destan polo seus aromas limpos, elegantes e intensos, e a súa cor cereixa brillante con ribetes púrpura. Equilibrados e ben estruturados, resultan uns viños redondos e amplos en boca.

---

## E ADEMAIS DOS VIÑOS, PODES ACHEGARTE A:

O canón do río Sil e os seus miradoiros

O mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, convertido en Parador de Turismo

O mosteiro escavado de San Pedro de Rochas, un dos más antigos de Galicia

O núcleo alfareiro de Niñodaguia

O mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo, de orixe románica

O mosteiro co templo de arte herreriana de Montederramo

O mosteiro románico de Santa Cristina de Ribas de Sil e o souto que o rodea

O castelo de Castro Caldelas  
Montefurado, o túnel escavado na montaña  
polos romanos para extraer ouro

O Monforte de Lemos medieval e o seu  
Centro do Viño

As igrexas de San Fiz de Cangas, San Miguel de Eiré, Santo Estevo de Atán ou San Vicenzo de Pombeiro

O mosteiro cisterciense das Bernardas de Ferreira de Pantón

As rúas asoportaladas de Chantada

A igrexa de Santa María de Pesqueira, ubicada  
nun entorno máxico

As igrexas románicas de Santo Estevo de Ribas  
de Miño e San Paio de Diomondi

San Martiño da Cova e a vista sobre o Cabo do  
Mundo



## PROGRAMA ESPECIAL NA RUTA DO VIÑO DA RIBEIRA SACRA

**Viñobuses Ribeira Sacra.** Saídas desde Ourense, Monforte e Chantada. Visitaranse as adegas e museos participantes nestas IV Xornadas. Servizo gratuito. Xantar non incluído. Necesaria reserva previa.

O sábado día 30 de maio haberá 3 viñobuses con saídas desde Monforte de Lemos, Chantada e Ourense. Inclúe servizo de xornada completa con guía acompañante especializado na Ribeira Sacra. O domingo 31 de maio sairán 2 viñobuses desde Monforte de Lemos e Ourense. Inclúe o servizo de media xornada con guía acompañante especializado na Ribeira Sacra.

Máis información e reservas nos tfs: 698 167 991 / 982 410 968 ou en [rutavino@ribeirasacra.org](mailto:rutavino@ribeirasacra.org).

**A Cantina-Tren Turístico Aba Sacra.** Véhiculo especial que realiza un tour entre os viñedos de Amandi, visitando a Vía Appia e o miradoiro Regina Viarum e adegas da zona. Parada para xantar no restaurante A Cantina.

Prezo: 21€/persoa.

Máis información (horarios e saídas) no Tf: 982 198 717 ou en [info@acantina.es](mailto:info@acantina.es)  
**A Cantina-Tren Turístico Aba Sacra**  
Doade, 79  
27424 Sober (Lugo)  
Tfs: 982 198 717 / 650 770 179  
[www.acantina.es](http://www.acantina.es)  
[info@acantina.es](mailto:info@acantina.es)

**Cata gratuita** comentada impartida polo sumiller Bruno Lovelle o sábado 30 de maio ás 19h00 no Centro do Viño da Ribeira Sacra en Monforte de Lemos (Lugo). Entrada libre ata completar aforo (25 persoas).

Máis información e reservas en tf: 698 167 991 / 982 410 968 ou en [rutavino@ribeirasacra.org](mailto:rutavino@ribeirasacra.org).

**Paseo en barca polo río Miño** ofrecido pola empresa Quinta Sacra. Para grupos de mínimo 11 persoas.

- PASEO EN BARCA. Prezo: 16€/persoa
- PASEO ENTRE VIÑEDOS Prezo: 3€/persoa
- PARADA EN ADEGA CON CATA DE VIÑO Prezo: 3€/persoa
- APERITIVO (EMPANA E EMBUTIDOS CASEIROS) Prezo: 3€/persoa

Máis información e reservas:  
Quinta Sacra  
San Miguel de Vilela, 8  
27550 Taboada (Lugo)  
Tf: 637 478 260  
[www.quintasacra.es](http://www.quintasacra.es)  
[turismo@quintasacra.es](mailto:turismo@quintasacra.es)

**Visita ao Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra / Museo do Viño,** en Monforte, de forma gratuita durante os dous días das IV Xornadas de Portas Abertas. Horario: sábado e domingo, de 10h00 a 14h00 e de 16h30 a 20h00.

Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra  
R/ Comercio, 6  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
Tf: 982 105 303  
[www.centrovino-ribeirasacra.com](http://www.centrovino-ribeirasacra.com)  
[info@centrovino-ribeirasacra.com](mailto:info@centrovino-ribeirasacra.com)

**O Ecomuseo de Arxeriz** permanecerá aberto o sábado e o domingo de 11h00 a 14h00 e de 17h00 a 20h00. Durante estas xornadas, a entrada será gratuita.

Ecomuseo de Arxeriz  
Arxeriz- Fión  
27548 O saviñao (Lugo)  
Tf: 982 031 040  
[www.sotodefion.org](http://www.sotodefion.org)  
[ecomuseodearxeriz@gmail.com](mailto:ecomuseodearxeriz@gmail.com)  
[info@sotodefion.org](mailto:info@sotodefion.org)

**A empresa Máis que Románico**, oferta gratuitamente as visitas polas “Rutas do Románico” nos concellos de Pantón e Chantada. O sábado sae a Ruta de Chantada, ás 16h30 diante da oficina de turismo desta poboación. Visita ás igrexas de Santa María de Pesqueiras, San Salvador de Asma e Santa María de Camporramiro. O domingo faráse a outra ruta, con saída pola mañán ás 10h30 dende o mosteiro das Bernardas de Ferreira de Pantón. Inclúese a visita ao mesmo, así como ás igrexas de San Miguel de Eiré e a Santo Estevo de Atán. Imprescindible reserva previa.

Máis que Románico  
Rúa Ourense 47, 4º C  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
Tf: 646 533 229  
maisqueromanico@mundo-r.com

**Paseo entre viñedos.** Actividade gratuita (aforo 20 personas) que se poderá realizar durante esta fin de semana e que inclúe un paseo en barca polo río Miño, disfrutando da paisaxe da Ribeira Sacra, e un paseo a pe entre viñedos. Remátase coa visita a unha adega da zona e degustación dos seus viños.

Máis información e reservas en tf: 698 167 991 / 982 410 968 ou en rutavino@ribeirasacra.org

**O Centro Oleiro Rectoral de Gundivós** oferta visitas guiadas gratuitas con demostracións de torno baixo e empeados (aplicación de resinas naturais) da oleiría de Gundivós. Tanto o sábado como o domingo estás visitas poderánse facer en horario de 10h30 a 13h30 e de 16h00 a 20h00.

Centro Oleiro Rectoral de Gundivós  
Gundivós, s/n  
27460 Sober (Lugo)  
Tf: 626 966 280  
eliasgundivos@yahoo.es

**O Museo etnográfico municipal de Quiroga** ofrece unha visita guiada gratuita a fin de semana en horario de 12h00 a 13h00.

Museo etnográfico municipal de Quiroga  
Rúa Real s/n (Casa da Cultura)  
Tf: 982 435 125  
<http://museoetnograficodequiroga.blogspot.com.es>  
concello.quiroga@eidolocal.es

**O bar de viños A Faragulla** o sábado ofrece un desconto dun 10% no menú Faragulla (30€) e unha invitación á cata de licores ribeiraos.

A Faragulla  
Praza da Paz 12 baixo  
27500 Chantada (Lugo)  
Tf: 651 133 100  
faragullawinebar@gmail.com

## CONCURSO EN FACEBOOK

Realizaráse o sorteo de cinco billetes para o tren turístico da Ruta do Viño da Ribeira Sacra. Participa e gaña entradas para o Tren do Viño subindo unha foto da túa asistencia ás “IV Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia” ao Facebook da Ruta do Viño da Ribeira Sacra.

Máis información na Asociación da Ruta do Viño da Ribeira Sacra:  
982 410 968 / 698 167 991  
[rutavino@ribeirasacra.org](mailto:rutavino@ribeirasacra.org)  
[www.rutadelvinoribeirasacra.org](http://www.rutadelvinoribeirasacra.org)

## OFERTAS ESPECIAIS

Os seguintes establecimentos fan ofertas especiais con motivo das IV Xornadas:

### Casa das Xacias

(Chantada, Tf: 616 817 642):

10% de desconto na reserva de aloxamento e agasallo especial IV Xornadas: estoxo de viños da D.O. Ribeira Sacra.

### Casa do Estevo

(Doade, Tf: 617 825 105):

Agasallo especial IV Xornadas: estoxo de 3 botellas de viño da D.O. Ribeira Sacra.

### Apartamentos Riosil

(Bolmente-Sober, Tf: 697 555 515):

Coa estancia da fin de semana un agasallo especial IV Xornadas: estoxo de 3 botellas de viño da D.O. Ribeira Sacra.



A Ruta do Viño de Valdeorras sitúase na parte nororiental da provincia de Ourense, onde o río Sil nos acompañará durante algunos tramos do noso camiño ata penetrar no corazón de Valdeorras, conducíndonos ata un profundo val que vai modelando ao seu paso. Val acolledor, de terra vermelha e arxilosa, terra aurífera que as colonias romanas furaron séculos atrás para extraer ese metal tan prezado que é o ouro, e que hoxe nos ofrece, dende o máis profundo das súas entrañas, esas covas nas que as súas adegas achegan a temperatura necesaria para o coidado dos seus viños. Na nosa viaxe polo val, as modernas vilas concéntranse ao redor das vías principais, dispersándose o poboamento cara ás montañas onde, a modo de pequenos acios, os antigos núcleos rurais manteñen na súa máis pura esencia a arquitectura tradicional. Aquí é a lousa a protagonista do territorio humanizado que, tanto nos muros como nos tellados, achegan á paisaxe un contraste cromático e lendario, salpicado de neve nos brancos invernos; unha paisaxe que só nesta comarca galega poderemos ver. Terra de cultura milenaria, cruzada de leste a oeste pola Vía Nova, calzada romana nº XVIV no «Itinerario de Antonino», que naqueles tempos comunicaba

Astorga coa actual cidade portuguesa de Braga. Un territorio que constitúiu durante o Imperio Romano un centro importante de explotación de ouro; actividade que combinaron coa plantación das cepas de uva e mesmo coa construcción de lagares. Se programades a vosa viaxe durante o verán, seravos grata a participación na «Festa das Covas», que se celebra durante o primeiro sábado de agosto; unha festa popular na que as xentes de Valdeorras abren as súas adegas-cova aos visitantes compartindo con eles os seus viños. Tamén paga a pena achegarse as covas de Seadur e O Castro, que celebran as súas “festas das Covas” durante a Semana Santa e e xuño respectivamente.

Os viños brancos de Valdeorras son intensos en aromas frutais e florais, moi ben estruturados en boca. Os tintos destacan pola súa cor púrpura, de elegantes aromas a froitos e cunha doce carnosidade.

---

#### E ADEMAIS DOS VIÑOS, PODES ACHEGARTE A:

A ponte romana sobre o río Bibei

Os codos de Larouco, revoltas da estrada seguindo o trazado da antiga vía romana XVIV

O Santuario barroco das Ermidas

A Torre do homenaxe do Bolo

O Teixadal de Casao

A ponte da Cigarrosa , de orixe romana

Os miradoiros da Falcoira ou o dos Penedos de Oulego

As adegas-cova de Vilamartín de Valdeorras

O Parque Natural da Serra da Enciña da Lastra



## PROGRAMA ESPECIAL NA RUTA DO VIÑO DE VALDEORRAS

O sábado -mañá e tarde- e o domingo -só de mañá- facilitarase o servizo de transporte gratuito con guía ás adegas e restaurantes participantes nas IV Xornadas. Os horarios de visita das adegas serán especiais para este servizo. En cada unha delas os asistentes poderán degustar unha copa de viño e pinchos. Os microbuses levarán o distintivo das "IV Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia". Dentro do autobús realizarase o sorteо de cinco billetes para o tren turístico da Ruta do Viño de Valdeorras.

Máis información e reservas:  
Valdeorras é Viño  
[valdeorrasesvino@gmail.com](mailto:valdeorrasesvino@gmail.com) /  
[msfigueroa@hotmail.com](mailto:msfigueroa@hotmail.com) Tlf: 619 086 326

### 30 MAIO

RUTA 1		SÁBADO MAÑÁ		RUTA 1		SÁBADO TARDE	
LUGARES E ADEGAS		INICIO	FIN	LUGARES E ADEGAS		INICIO	FIN
Petín-parada bus N536		10:00	14:10	Petín-parada bus N536		16:30	20:20
A Rúa-Praza Concello		10:05	14:15	A Rúa-Praza Concello		16:35	20:15
A Rúa-Colexio Cosme López		10:10	14:20	A Rúa-Colexio Cosme López		16:40	20:10
Sobradelo- Mesón Museo		10:35	14:55	Vilamartin- Hotel Paladium		16:50	20:30
O Barco - Pazo do Castro		10:50	14:35	Sobradelo- Mesón Museo		17:10	21:00
O Barco -Praza Concello		10:55	14:40	O Barco -Praza Concello		17:25	20:45
Vilamartin- Hotel Paladium		11:00	14:30	O Barco- Pazo do Castro		17:30	20:40
ADEGA AVELINA		11:05	12:30	ADEGA GODEVAL		17:35	18:40
ADEGA D'BERNA		11:05	12:30	ADEGA A COROA		18:45	20:00
ADEGA JOAQUIN REBOLLEDO		12:40	14:00	ADEGA ALAN DE VAL		18:45	20:00
ADEGA DA PINGUELA		12:40	14:00				
RUTA 2		SÁBADO MAÑÁ		RUTA 2		SÁBADO TARDE	
LUGARES E ADEGAS		INICIO	FIN	LUGARES E ADEGAS		INICIO	FIN
Sobradelo-Mesón Museo		10:00	14:35	Sobradelo-Mesón Museo		16:30	20:30
O Barco-Praza Concello		10:15	14:20	O Barco-Praza Concello		16:45	20:15
O Barco- Pazo do Castro		10:20	14:15	O Barco- Pazo do Castro		16:50	20:10
Vilamartin-Paladium		10:30	14:10	Vilamartin-Paladium		17:00	20:50
A Rúa- Colexio Cosme López		10:40	14:55	Petín- parada bus N-536		17:15	21:10
A Rúa - Praza Concello		10:45	14:55	A Rúa - Praza Concello		17:20	21:50
Petín- parada bus N-536		10:50	15:05	A Rúa- Colexio Cosme López		17:25	21:00
ADEGA DA PINGUELA		11:00	12:30	ADEGA A COROA		17:30	18:50
ADEGA JOAQUIN REBOLLEDO		11:00	12:30	ADEGA ALAN DE VAL		17:30	18:50
ADEGA AVELINA		12:40	14:00	ADEGA GODEVAL		19:00	20:00
ADEGA D'BERNA		12:40	14:00				

## 31 MAIO

RUTA 1		DOMINGO MAÑÁ		RUTA 2		DOMINGO MAÑÁ	
LUGARES E ADEGAS		INICIO	FIN	LUGARES E ADEGAS		INICIO	FIN
Petín-parada bus N536		10:00	15:10	Sobradelo- Mesón Museo		10:30	14:10
A Rúa-Praza Concello		10:05	15:05	Petín-parada bus N536		10:25	15:00
A Rúa-Colexio Cosme López		10:10	15:00	A Rúa-Praza do Concello		10:30	14:55
Vilamartin- Hotel Paladium		10:20	14:50	A Rúa-Colexio Cosme López		10:35	14:50
O Barco - Pazo do Castro		10:30	14:10	Vilamartin- Hotel Paladium		10:45	14:40
O Barco -Praza Concello		10:35	14:15	O Barco -Pazo do Castro		10:55	14:25
Sobradelo- Mesón Museo		10:50	14:30	ADEGA O CEPADO		10:55	14:30
ADEGA ROANDI		11:00	12:30	ADEGA O CASAL		11:05	12:30
ADEGA VIRXE DO GALIR		11:00	12:30	ADEGA ROANDI		12:40	14:00
ADEGA O CEPADO		12:40	14:00	ADEGA VIRE DE GALIR		12:40	14:00
ADEGA O CASAL		12:40	14:00				

O sábado 30 a **Ruta do Viño** organiza, en colaboración co concello, a celebración da II Festa de Portas Abertas no Paseo do Malecón do Barco de Valdeorras. Comenzará ás 20h30 e terá unha duración aproximada de dúas horas. Haberá degustación e venda de viños e pinchos e actuación musical.

Máis información na Asociación da Ruta do Viño de Valdeorras:  
988 300 295  
[www.rutadelvinovaldeorras.com](http://www.rutadelvinovaldeorras.com)  
Ou en 619 086 326  
[valdeorrasesvino@gmail.com](mailto:valdeorrasesvino@gmail.com) /  
[msfigueroa@hotmail.com](mailto:msfigueroa@hotmail.com)  
[www.valdeorrasesvino.com](http://www.valdeorrasesvino.com)

Concurso especial Portas Abertas en restaurantes cos seus menús das IV Xornadas: Pazo do Castro, Piquiño ( O Barco), Paladium e Mesón Museo (Sobradelo).

Visite 3 dos 4 restaurantes da Ruta, deguste un dos seus menús especiais das IV Xornadas, sele o seu folleto, encha os seus datos e entrégueo nun deles.

1. Un xantar no Hotel Pazo do Castro para 2 persoas.
- 2.. Un xantar no Restaurante Piquiño para 2 persons.
- 3.. Un xantar no Mesón Museo para 2 persoas.
- 4.. Un xantar no Restaurante Paladium para 2 persoas

## OFERTAS ESPECIAIS

Os seguintes establecementos fan ofertas especiais con motivo das IV Xornadas:

**Pazo do Castro**  
(O Barco, Tf: 988 347 423):

Aloxamento en cuarto doble zona noble, copa de viño D.O.Valdeorras de benvida, incluíndo un menú especial (xantar ou cea) das IV Xornadas de Portas Abertas e o almorzo buffet: 125€/noite

Aloxamento en cuarto doble na zona noble e almorzo buffet: 85€/noite

*Condicións: 1º Supletoria Gratuita en réxime de Aloxamento e Almorzo para nenos menores de 12 anos. Non válido para grupos nin axencias de viaxes. Non acumulable a outras ofertas ou promocións. Prazas Limitadas. Debe indicar que deseja acollerse ao devandito Paquete ao realizar a reserva.*

**Paladium**  
(Vilamartín de Valdeorras, Tf: 988 336 801):  
Aloxamento con almorzo incluído: 40€ cuarto individual e 60€ doble.

**Pacio do Sil**  
(A Rúa, Tf: 988 311 346 / 609 567 823):  
Unha noite aloxamento e almorzo en cuarto doble: 65€

XUÑO

Sábado 6

Domingo 7

**4<sup>as</sup> XORNADAS  
DE PORTAS ABERTAS  
NAS RUTAS DOS VIÑOS  
DAS RÍAS BAIXAS E  
DO RIBEIRO**



22 -

A Ruta do Viño das Rías Baixas é a ruta máis occidental da xeografía galega, que percorre a provincia de Pontevedra dende a mesma fronteira con Portugal cara ao norte, por onde se insire xa en territorio da Coruña. Constitúe a Ruta galega de maiores dimensións, con 17 concellos que se distribúen á súa vez en catro subzonas de produción vitivinícola: Condado do Tea, O Rosal, Ribeira do Ulla e Val do Salnés. Tamén é o territorio con maior tradición como Ruta do Viño e na actualidade conta xa con varios itinerarios deseñados que cobren as distintas subzonas. É esta unha terra de pazos históricos e espectaculares xardíns, que nos agasallan cada ano coa camelia, unha fermosa flor que en Galicia conta con centos de variedades diferentes. Cando as concentracións urbanas, hoteis e restaurantes empezan a difuminarse entre piñeirais e milleirais, comezamos a ver os contrastes da costa, pequenos pobos mariñeiro cos seus hórreos orientados cara ao mar, viñedos nas lombas co Atlántico aos seus pés, formando miradoiros perfectos para gozar dun bonito solpor. Costa próxima, salpicada de rías e pequenas badías, que aparecen e desaparecen ante a nosa vista e nas que non será difícil atopar un dos nosos establecementos

anfítriós para reponer forzas. Esta é a terra do Albariño, onde se mestura o viño co mar, compañeiros inseparables e ideais para pasar uns días de acougo. Aquí tamén poderedes gozar do Turismo Mariñeiro, unha experiencia única na que se unen a actividade pesqueira en toda a súa autenticidade, co goce dunha contorna natural espectacular.

Os viños das Rías Baixas caracterízanse por estar elaborados con uvas autóctonas, principalmente brancas, tendo como gran protagonista a variedade Albariño (aproximadamente o 95% da producción), de color amarelo palla con ribetes dourados de potentes e nobles aromas, afroitados e florais, envolventes e embriagadores, que acompañan o seu paso por boca con carnosidade e untuosidade. A personalidade única das suas variedades e viños son consecuencia das peculiaridades do seu territorio, o seu clima, as suas xentes e a sua cultura. Unha terra chea de matices que se reflictan nos seus viños...

---

## E ADEMAIS DOS VIÑOS, PODES ACHEGARTE A:

O conxunto histórico de Cambados

Os miradores de Monte Lobeira e Monte Siradella

A capela románica da Nosa Señora da Lanzada

O mosteiro de Armenteira, xoia do románico onde, segundo a lenda, naceu o albariño...

Salvaterra de Miño e a súa fortaleza de fronteira

O Centro de Interpretación do Viño e da Lamprea “Arabo”

O Monte Santa Tegra, co castro e as vistas sobre a foz do Miño

O conxunto etnográfico dos Muíños de Folón e Picón



## PROGRAMA ESPECIAL NA RUTA DO VIÑO DAS RÍAS BAIXAS

**O Bus do Viño.** O sábado 6 de xuño sairán autobuses dende Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo para facer diferentes visitas pola D.O. Rías Baixas. En cada ruta visitaránse algunhas das adegas participantes nas Xornadas e o xantar, libre, terá lugar nalgún dos concellos adheridos á Ruta. En todo momento os asistentes estarán acompañados por un guía turístico. O autobús levará o distintivo das “IV Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia”. Actividade gratuita para os participantes nas IV Xornadas (agás o xantar, non incluído).

Aforo limitado, recomendase reserva previa. Máis información e reservas en Tfns: 986 091 088 / 687 523 230 ou en [info@rutadelvinoriasbaixas.com](mailto:info@rutadelvinoriasbaixas.com)

AUTOBÚS	Punto e hora de saída	Adegas a visitar	Punto e hora de chegada
